

**REGULAMENTO DE RÉXIME  
INTERNO DA FACULTADE DE  
FARMACIA DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**

TÍTULO PRELIMINAR.....	3
TÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE .....	5
CAPÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE .....	5
CAPÍTULO II: DA XUNTA DE FACULTADE .....	5
CAPÍTULO III. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE .....	11
Artigo 22.- Da Comisión Permanente .....	11
Artigo 23.- Competencias da Comisión Permanente .....	12
CAPÍTULO IV. DAS COMISIÓN DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE E OUTRAS COMISIÓN.....	13
<u>Sección 1.</u> Normas Xerais .....	13
<u>Sección 2.</u> Das comisións delegadas estables .....	14
Artigo 30.- Da Comisión do Título do Grao en Farmacia .....	14
Artigo 31.- Da Comisión de Título dos Mestrados vencellados á Facultade de Farmacia .....	16
Artigo 32.- Da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.....	18
Artigo 33.- Da Comisión de Normalización Lingüística e Xénero .....	19
Artigo 34.- Da Comisión de Calidade do Centro .....	19
<u>Sección 3 .</u> Outras comisións estables do Centro.....	20
Artigo 35.- Da Comisión de Mobilidade.....	20
Artigo 36.- Da Comisión de Biblioteca .....	21
Artigo 37.- Da Comisión Mixta de Practicas Tuteladas.....	22
<u>Sección 4 .</u> Outras comisións .....	22
Artigo 38.- Do Comité Consultivo.....	22
CAPÍTULO V. DO/A DECANO/A E O EQUIPO DECANAL .....	23
TÍTULO II. DA ELECCIÓN E REVOGACIÓN DO/A DECANO/A .....	25
CAPÍTULO I: DA ELECCIÓN DO/A DECANO/A.....	25
Artigo 43.- Convocatoria de eleccións a Decano/a.....	25
Artigo 44.- Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de Decano/a .....	25
Artigo 45.- -Votación .....	26
CAPÍTULO II. DA REVOGACIÓN DO DECANO/A .....	26
Artigo 46.- Moción de censura .....	26
TÍTULO III: DA REFORMA DO REGULAMENTO .....	27
DISPOSICIÓN FINAL .....	27

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE FARMACIA

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Aprobado pola Xunta de Facultade: 18 de decembro de 2017*

*Ratificado polo Consello de Goberno: 10 de xullo de 2018*

### TÍTULO PRELIMINAR

#### **Artigo 1**

1. A Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da farmacia.

2. A Facultade de Farmacia, para o cumprimento das funcións que lle atribúen a Lei de Universidades é Lei 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, a súa lexislación de desenvolvemento e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerá polo presente regulamento.

#### **Artigo 2**

A xestión da Facultade de Farmacia estará ordenada polos principios de prevalencia dos órganos colectivos sobre os unipersoais e máis o de participación libre dos seus membros na toma de decisións.

#### **Artigo 3**

O presente regulamento debe ser interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

#### **Artigo 4**

Para todas aquelas cuestións que non estean previstas neste regulamento, nos Estatutos de Universidade de Santiago de Compostela e nas demais normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario, actuarase conforme o previsto nas Leis 39/2015,

do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## **Artigo 5**

Consonte o artigo 51 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, as funcións da Facultade son as seguintes:

a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.

b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.

c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro, das prácticas tuteladas e prácticas externas contempladas nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.

d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.

e) A promoción de programas de intercambio.

f) A promoción e posta en marcha de medidas para a realización de prácticas externas.

g) A realización das actividades de xestión académica que lle encomende a Universidade.

h) A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.

i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.

l) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.

## **TÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE**

### ***CAPÍTULO I: DO GOBERNO DA FACULTADE***

#### **Artigo 6**

Os órganos de goberno e xestión da Facultade de Farmacia son:

- a) A Xunta de Facultade.
- b) O decano ou decana.
- c) Os vicedecanos e/ou vicedecanas.
- d) O secretario ou secretaria.

### ***CAPÍTULO II: DA XUNTA DE FACULTADE***

#### **Artigo 7**

A Xunta de Facultade é o órgano Colexiado de goberno da Facultade de Farmacia, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

#### **Artigo 8**

A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros e débense prever as medidas que favorezan esta asistencia. Para o cumprimento desta función quedan dispensados de calquera outra actividade universitaria polo tempo que duren as sesións da Xunta, agás das actividades docentes programadas no caso dos sectores de PDI.

#### **Artigo 9**

A Xunta de Facultade actuará en Pleno ou en Comisión Permanente. Para o seu asesoramento poderá dotarse doutras comisións delegadas temáticas, deliberativas ou informativas, que poderán ser estables ou conxunturais.

#### **Artigo 10**

1. A composición do pleno da Xunta de Facultade está establecida no artigo 95 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e será:

a) O decano/a, que a presidirá.

b) Os/as vicedecanos/as.

c) O/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.

d) A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de centros e departamentos da Facultade.

e) O/A director/a da biblioteca da Facultade.

f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun/ha profesor/a a tempo completo:

- Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.

- O resto, sempre que non exceda o 10% do total da Xunta.

g) Unha representación do estudantado do 32%.

h) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

2. O artigo 95.2 dos Estatutos indica que “O Regulamento de réxime interno de cada centro, de ser o caso, determinará o número de subsectores e a representación de cada un, respectando en todo caso os seguintes límites:

a) O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.

b) O estudantado de grao non poderá representar menos do 20% e garantirase a representación do estudantado de mestrado e doutoramento cando proceda.”

Polo tanto este regulamento determina que o sector de PDI a tempo parcial represente ata un 2%, o sector de estudantado de grao un 25% do total da Xunta e o sector de estudantes de mestrado e doutoramento un 5%.

3. Tamén deberá ser convocado para a Xunta de Facultade con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite.

4. Consonte o artigo 95.3 dos Estatutos, todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que foi elixido. No caso de perda da condición de membro da Xunta de Facultade dun representante electo, será nomeado membro, ata o final do

período, o seguinte candidato máis votado do mesmo sector ou subsector e circunscrición.

## **Artigo 11**

Son competencias do Pleno da Xunta de Facultade as que a seguir se indican:

a) A elección do/a decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.

b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.

c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.

d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas no centro, consonte á lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.

e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro e, igualmente, a supervisión do seu cumprimento.

g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.

i) O informe acerca das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.

l) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

m) A manifestación da súa opinión acerca de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

n) A creación de comisións delegadas, con carácter conxuntural e non permanente, e determinará a súa composición, funcións e competencias.

ñ) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

## **Artigo 12**

1. O Pleno da Xunta de Facultade estará formado por todos os seus membros e reunirse con carácter ordinario por iniciativa do decano/a ou, na súa ausencia, o vicedecano/a que o substitúa.

2. Reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez por trimestre, en período lectivo.

3. Reunirse con carácter extraordinario a iniciativa do decano/a ou a pedimento, por escrito, dun 25% dos seus membros. Neste caso, a solicitude deberá incluír o asunto a tratar, que deberá ser o suficientemente explícito e concreto para que se coñeza o seu contido.

## **Artigo 13**

1. O Pleno da Xunta de Facultade será convocado polo secretario/a, por orde do decano/a ou de quen legalmente o substitúa. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora da primeira e da segunda convocatoria e lugar da reunión.

2. A convocatoria dunha sesión deberá ser entregada aos membros da Xunta de Facultade, cando menos, con dous días de anticipación, vía telemática.

3. Na convocatoria ordinaria, a documentación ou información relacionada directamente cos asuntos da convocatoria que impliquen toma de decisións, deberán estar a disposición dos membros da Xunta, na medida do posible, cunha antelación de dous días.

## **Artigo 14**

1. A orde do día será elaborada polo/a decano/a, asistido/a polo seu equipo. No caso das sesións ordinarias, nela figurarán as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos de trámite e rogos e preguntas.

2. Os membros da Xunta poderán solicitar a inclusión de temas na orde do día da Xunta de Facultade ordinaria mediante solicitude ao/á Sr./a. Decano/a asinada polo 10% dos membros da Xunta.



## **Artigo 15**

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria coa presenza dun 20% dos seus membros. En ambos os dous casos requirirase a presenza do/a decano/a e o/a secretario/a ou, no seu caso, dos seus substitutos.

2. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

## **Artigo 16**

O Pleno da Xunta de Facultade será presidido polo/a decano/a ou, na súa ausencia, por un dos/as vicedecanos/as, e asistido polo equipo decanal e será o responsable de dirixir e ordenar o desenvolvemento dos debates. O equipo decanal, tendo en conta a opinión da Xunta de Facultade, interpretará o presente regulamento en casos de dúbida ou omisión.

## **Artigo 17**

A reunión da Xunta de Facultade é única para cada convocatoria, con independencia de que poida interromperse polas circunstancias motivadas que sexan, e continuarase no momento que ao interromperse se sinale, e que en calquera caso deberá ser no mesmo día.

## **Artigo 18**

1. As decisións do Pleno da Xunta de Facultade tomarán a forma de acordos, que se poderán tomar por asentimento ou por votación favorable da maioría simple dos asistentes. Para axilizar o procedemento as votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou secretas cando así sexa solicitado por un mínimo de tres membros da Xunta. En calquera caso serán obrigatoriamente secretas, cando se refiran a persoas concretas.

2. Nestas votacións non se admitirá o voto anticipado nin o voto delegado.

## **Artigo 19**

1. Unha vez debatido un punto da orde do día terá lugar, se procede, a votación, na que só os presentes poderán participar. De ser o caso, deberáselle entregar ao/á secretario/a o texto literal da proposta de acordos.

2. De existiren unicamente dúas propostas, aprobarase a que acade maioría simple dos

presentes en primeira votación.

3. De haber máis de dúas propostas, efectuarase unha primeira votación conxunta de todas elas e, posteriormente, levarase a cabo unha segunda votación entre as dúas máis votadas, aprobándose a que acade maioría simple dos presentes.

4. En caso de empate, despois dunha quenda de intervencións limitada a un dos/as promotores/as de cada proposta, procederase a unha nova votación. En caso de persistir o empate, decidirá o voto de calidade do/a decano/a, agás nos casos nos que se especifique o contrario.

5. Exceptúanse das maiorías indicadas nos apartados anteriores aqueles acordos para os que a normativa aplicable esixa outras maiorías.

## **Artigo 20**

1. A Secretaría da Xunta de Facultade será desempeñada polo/a secretario/a da Facultade que levantará acta de cada sesión. No caso de imposibilidade de asistencia do/a secretario/a, fará as súas funcións un membro do equipo decanal designado polo/a decano/a.

2. En cada acta especificaranse:

a) Os membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias comunicadas.

b) A orde do día da sesión e as circunstancias de lugar e tempo nas que se celebrou.

c) Un resumo dos debates que inclúa os puntos principais das deliberacións.

d) O contido íntegro dos acordos, especificando o número de votos favorables a cada unha das propostas. Poderán gravarse as sesións que celebre o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizaren como documentos da sesión, poderán acompañar á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

3. Na acta figurará, previa solicitude dos respectivos membros da Xunta, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifican, ou o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera membro da Xunta terá dereito á transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, para o que será imprescindible que se lle entregue por escrito ao/á secretario/a antes do remate da sesión ou no prazo que sinala o/a decano/a.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular por escrito o seu voto particular, no prazo de dous días que se e incorporará ao texto aprobado. En todo

caso deberán anunciar a intención de voto particular na propia sesión.

5. Cada acta será asinada polo/a secretario/a, ou quen o substitúa, co visto e praxe do/a presidente/a da sesión.

6. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade.

### **Artigo 21**

1. As actas, unha vez aprobadas, asinadas polo/a secretario/a co visto e praxe do/a decano/a, arquivaranse e quedarán baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade e poderán ser consultadas por calquera membro da Xunta de Facultade.

2. Só darán fe dos acordos aprobados pola Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo/a secretario/a, co visto e praxe do/a decano/a. Con anterioridade á aprobación da acta tamén poderán emitirse certificacións sobre os acordos que se adoptaron, facéndose constar neste caso tal circunstancia.

3. O/A secretario/a, co visto e praxe do/a decano/a, expedirá certificación dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito.

## **CAPÍTULO III. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE**

### **Artigo 22.- Da Comisión Permanente**

1. A Comisión Permanente é o órgano de goberno delegado da Xunta de Facultade e estará integrada por:

- a) O/A decano/a, que a presidirá.
- b) O/A vicedecano/a ou vicedecanos/as.
- c) O/A secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.

d) Unha representación proporcional dos distintos sectores integrantes da Xunta, non podendo exceder o número total dos seus membros un terzo dos da Xunta de Facultade, do seguinte xeito:

- 10 representantes do profesorado con vinculación permanente. Sempre que sexa posible, na súa elección haberá un representante de cada unha das áreas de coñecemento que imparten materias obrigatorias do grao.
- 2 representantes do resto do profesorado (incluíndo persoal investigador en formación) con docencia no centro.
- 5 representantes dos estudantes de grao.

- 2 representantes dos estudantes de mestrado e doutoramento.
- 2 representantes do persoal de administración e servizos.
- O/A Decano/a, Vicedecanos/as, Secretario/a e o/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos serán membros natos que se integrarán aos efectos de cómputo no seu sector correspondente.

2. Cada sector ou subsector da Xunta de Facultade elixirá aos seus representantes na Comisión Permanente. En caso de necesidade seguirase o sistema maioritario simple de voto limitado descrito no artigo 50 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Artigo 23.- Competencias da Comisión Permanente**

As competencias da Comisión Permanente serán as seguintes:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Coñecer e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, sendo competencia da Xunta de Facultade e non estando expresamente reservados ao Pleno, lle foran delegados por este.
- c) Asesorar en todas as cuestións que ao/á decano/a lle someta no exercicio das súas competencias.
- d) Nomeamento do Tribunal de Premio Extraordinario do Doutorado.
- e) Emitir informes en relación coa actividade docente dos profesores que impartan docencia na Facultade.

### **Artigo 24**

En canto ao Pleno da Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), f), g), h), i) e n) do artigo 11 deste regulamento.

### **Artigo 25**

O Pleno da Xunta de Facultade será informado polo/a secretario/a das actuacións da Comisión Permanente. Para isto daranse a coñecer aos membros da Xunta de Facultade as actas aprobadas das xuntanzas anteriores da devandita comisión.

### **Artigo 26**

- 1. A Comisión Permanente reunirse sempre que o/a decano/a o considere oportuno

ou a pedimento, por escrito, dun 25% dos seus membros.

2. A convocatoria da Comisión Permanente farase cunha antelación mínima de 2 días. En todos os demais aspectos referidos ao funcionamento da Comisión Permanente seguirase o previsto neste regulamento para a Xunta de Facultade.

3. Os membros da Comisión Permanente renovaranse logo dos correspondentes procesos electorais nos diferentes sectores e subsectores.

4. Os membros da Comisión Permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta segundo o artigo 22 do Regulamento electoral da Universidade de Santiago de Compostela. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible tras unha elección dentro do sector ou subsector correspondente.

5. O/A secretario/a da Facultade, como secretario/a da Comisión Permanente, levantará acta de cada sesión.

#### ***CAPÍTULO IV. DAS COMISIONS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE E OUTRAS COMISIONS***

##### **Sección 1. Normas Xerais**

###### **Artigo 27**

1. A Xunta de Facultade poderá crear comisións delegadas, que teñen como misión emitir informes, coordinar, estudar e elaborar propostas sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.

2. As comisións delegadas poderán ter carácter estable ou temporal.

3. Dado o carácter informativo destas comisións, o/a decano/a informará das súas actuacións ao Pleno da Xunta de Facultade. Malia o anterior, o Pleno poderá delegar funcións nas comisións temáticas, excepcional e temporalmente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e), f), g), h), i) e n) do artigo 11 deste regulamento.

4. As comisións delegadas estables serán:

- Comisións dos Títulos.
- Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.
- Comisión de Normalización Lingüística e Xénero
- Comisión de Calidade de Centro.

5. Ademais destas comisións, a Xunta de Facultade poderá crear outras de carácter temporal para tratar asuntos concretos.

### **Artigo 28**

1. Os membros das comisións delegadas teñen que ser membros da Xunta de Facultade. Estas comisións, nos casos nos que se considere oportuno, poden invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz pero sen voto.

2. Ademais dos compoñentes especificados para cada comisión delegada, o/a decano/a ou persoa na que delegue, formará parte e presidirá as comisións. O/A secretario/a da Facultade, naqueles casos nos que así se especifique, actuará como secretario/a da comisión.

3. Para a renovación ou substitución dos membros das comisións delegadas procederase consonte o descrito para a Comisión Permanente no artigo 26.3 e 26.4.

4. Cada comisión elixirá ao/á seu/súa secretario/a cando non actúe como tal o/a secretario/a da Facultade.

### **Artigo 29**

1. As comisións delegadas serán convocadas, consonte se describe no artigo 13 do presente regulamento, cunha antelación mínima de 2 días.

2. Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por maioría simple.

## **Sección 2. Das comisións delegadas estables**

### **Artigo 30.- Da Comisión do Título do Grao en Farmacia**

1. A Comisión de Título do Grao en Farmacia estará formada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a presidirá.
- Os/as vicedecanos/as
- O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión.
- A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de centros e departamentos
- O/a coordinador/a do Título.
- Os/As coordinadores/as de cada un dos cursos do Título.
- 2 representantes dos estudantes de grao.
- Outros membros que o/a Decano/a considere oportuno para o bo funcionamento da

Comisión.

2. O/A Coordinador/a do Título, os/as coordinadores/as de curso, os/as estudantes e os outros membros que o/a Decano/a considere oportunos para o bo funcionamento da Comisión serán nomeados pola Xunta de Facultade a proposta do/a Decano/a unha vez consultados os sectores correspondentes.

3. Correspóndelle á Comisión do Título todo o relacionado co desenvolvemento da actividade docente no centro, incluídas as resolucións de validacións e adaptacións de estudos. En particular realizará as seguintes funcións:

a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, segundo a memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de Centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola Xunta de Centro.

b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de Centro.

c) Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á Xunta de Centro para a súa aprobación.

d) Coñecer e informar sobre o calendario de exames e o horario de clase.

e) Informar os pedimentos de cambio de grupo e de dispensa de asistencia a clase por parte dos/as alumnos/as e informar ao/á decano/a sobre a súa resolución.

f) Emitir un informe sobre as solicitudes de recoñecemento de estudos consonte a normativa elaborada polo Consello de Goberno (artigo 133 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ).

g) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para á súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.

h) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.

i) Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.

l) Informar sobre calquera conflito que se poida presentar no desenvolvemento

da docencia.

m) Calquera outra función relacionada coa docencia que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na Comisión.

4. A renovación dos membros da Comisión do Título efectuarase cada catro anos, ao igual que a do/a coordinador/a. A duración máxima no posto de coordinador/a será de 8 anos consecutivos.

5. Os membros da Comisión do Título cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta consonte o artigo 22 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible. No caso do alumnado tras unha elección dentro do sector.

### **Artigo 31.- Da Comisión de Título dos Mestrados vencellados á Facultade de Farmacia**

1. A Comisión de Título dos Mestrados vencellados á Facultade de Farmacia estarán formada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside.
- O/a Responsable de calidade da Facultade de Farmacia.
- O/a Coordinador/a do Mestrado.
- A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de centros e departamentos (que actuará como secretario/a).
- 8 Profesores/as que impartan docencia no Mestrado.
- 2 representantes dos estudantes do Mestrado.

2. O Coordinador do Título, os estudantes e os outros membros que o/a Decano/a considere oportunos para o bo funcionamento da Comisión serán nomeados pola Xunta de Facultade a proposta do/a Decano/a unha vez consultados os sectores correspondentes.

3. Correspóndelle á Comisión do Mestrado todo o relacionado co desenvolvemento da actividade docente do mesmo, incluídas as resolucións de validacións e adaptacións de estudos. En particular realizará as seguintes funcións:

- a) Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, consonte a memoria do Mestrado, para a súa aprobación pola Xunta de Centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola Xunta de Centro.
- b) Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de Centro.



c) Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encargada docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á Xunta do Centro para a súa aprobación.

d) Coñecer e informar sobre o calendario de exames e o horario de clase.

e) Emitir un informe sobre as solicitudes de recoñecemento de estudos consonte a normativa elaborada polo Consello de Goberno (artigo 133 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela).

f) Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para á súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.

g) Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no Mestrado.

h) Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.

i) Para aqueles Mestrados que o precisen, determinar os complementos formativos que deban realizar os estudantes matriculados en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.

l) Informar sobre calquera conflito que se poida presentar no desenvolvemento da docencia.

m) Calquera outra función relacionada coa docencia do Mestrado que sexa competencia da Xunta de Facultade e esta delegue na comisión.

4. A renovación dos membros da Comisión do Mestrado efectuarase cada catro anos, ao igual que a do/a coordinador/a. A duración máxima no posto de coordinador/a será de 8 anos consecutivos.

5. Os membros da Comisión do Título cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta segundo o artigo 22 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible. No caso do alumnado tras unha elección dentro do sector

## **Artigo 32.- Da Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos**

1. A Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e

Equipamentos estará formada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside.
- O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión.
- Un/ha profesor/a por cada área de coñecemento con implantación na Facultade

elixido por entre todos os adscritos a esa área que dispensen docencia no centro.

- 4 representantes dos estudantes de grao.
- 2 representantes dos estudantes de Mestrado e Doutoramento.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.
- A persoa responsable de asuntos económicos do centro.

2. Entre as súas funcións específicas se inclúen:

a) Informar o proxecto de orzamento elaborado polo equipo decanal antes do seu debate no Pleno da Xunta de Facultade.

b) Propor a distribución das partidas de equipamento docente do centro e de comunicacións.

c) Propor a dotación de medios para o correcto funcionamento das funcións que ten asignada a Facultade: docencia, investigación, administración e servizos.

d) Facer o seguimento do estado do edificio da Facultade e realizar propostas conducentes á súa mellora.

e) Propor a programación dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.

3. Cada sector ou subsector da Xunta de Facultade elixirá aos seus representantes na Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos. En caso de necesidade seguirase o sistema maioritario simple de voto limitado descrito no artigo 50 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela.

4. Para a renovación ou substitución dos membros das comisións procederase consonte o descrito para a Comisión Permanente no artigo 26.3 e 26.4.

### **Artigo 33.- Da Comisión de Normalización Lingüística e Xénero**

1. A Comisión de Normalización Lingüística e Xénero estará integrada por:

- O/A decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a presidirá.
- 4 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do resto do profesorado (incluíndo persoal investigador en formación

e PDI a tempo parcial) con docencia no centro.

- 2 representantes dos estudantes.

- 1 representante do persoal de administración e servizos.
- 2. A función principal será:
  - Desenvolver accións e promover actividades tendentes a favorecer o uso do galego no ámbito da Facultade, ben como a súa difusión e promoción no ámbito científico.
  - Desenvolver medidas que garantan a aplicación dos principios de igualdade de xénero.
- 3. Cada sector ou subsector da Xunta de Facultade elixirá aos seus representantes na Comisión de Normalización Lingüística e Xénero. En caso de necesidade seguirase o sistema maioritario simple de voto limitado descrito no artigo 50 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela.
- 4. Para a renovación ou substitución dos membros da comisións procederase consonte o descrito para a Comisión Permanente no artigo 26.3 e 26.4.

#### **Artigo 34.- Da Comisión de Calidade do Centro**

1. A Comisión de Calidade de Centro estará integrada por:
  - O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside.
  - Un/ha vicedecano/a, que será o/a responsable de calidade do centro.
  - O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén desta comisión.
  - Os/as coordinadores/as das titulacións adscritas ao centro.
  - A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de centros e departamentos.
  - 2 estudantes.
2. Os Coordinadores das Titulacións e os estudantes serán nomeados pola Xunta de Facultade, a proposta do/da Decano/a, unha vez consultados os sectores correspondentes.
3. A Comisión de Calidade de Centro é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.
4. A Comisión de Calidade de Centro reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación anual, levantará acta de cada unha das sesións, e fará públicas as súas análises e decisións.
5. As funcións da Comisión de Calidade de Centro son as seguintes:
  - a) O deseño, implantación, seguimento e mellora continua do SGIC do centro

b) Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:

- Informes de Seguimento dos Títulos.
- Proposta do Plano de Melloras do Centro.
- Informe do Seguimento da Implantación do SGIC e propostas para a súa

mellora.

6. Os membros da Comisión de calidade cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta, segundo o artigo 22 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible.

### **Sección 3 . Outras comisións estables do Centro**

Outras comisións estables do Centro son:

Comisión de Mobilidade.

Comisión de Biblioteca.

Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas.

#### **Artigo 35.- Da Comisión de Mobilidade**

1. A Comisión de Mobilidade de Centro estará integrada por:
  - O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside.
  - O/a Responsable Académico de Mobilidade.
  - Os/as coordinadores/as académicos/as de mobilidade dos distintos programas de mobilidade nos que participe o Centro.
    - O/a responsable da Unidade, que actuará como secretario/a da comisión.
    - Un representante do estudiantado, que preferentemente teña participado dun programa de mobilidade.
2. A mobilidade, rexerese polo Regulamento de intercambios de estudantes da USC.
3. As funcións da Comisión de Mobilidade do Centro son as seguintes:
  - a) Fomentar entre o estudiantado da Facultade a participación en programas de mobilidade.
  - b) Procurar, propoñer e xestionar o establecemento de acordos de intercambio con outras universidades para a mobilidade de estudantes, PDI e PAS.
  - c) Establecer os criterios para o recoñecemento de materias cursadas noutras

universidades ao abeiro dos programas de intercambio e mobilidade.

d) Facer propostas de mellora para a organización e o desenvolvemento dos programas de intercambio e mobilidade nos que participe a Facultade.

e) Establecer os criterios de selección do alumnado para aqueles procedementos de intercambios en que así se estableza.

f) Calquera outra que se derive da mobilidade interuniversitaria do alumnado.

4. Os membros da Comisión de mobilidade cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros da Xunta segundo o artigo 22 do Regulamento Electoral da Universidade de Santiago de Compostela. Os postos vacantes por cese ou dimisión serán cubertos no prazo máis breve posible.

### **Artigo 36.- Da Comisión de Biblioteca**

1. A Comisión de Biblioteca rexerese polo Regulamento da Biblioteca Universitaria, consonte o artigo 150.3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

2. A Comisión estará formada por:

- O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a presidirá.

- O/a director/a da Biblioteca do centro ou a persoa en quen delegue.

- Un representante do profesorado por cada área de coñecemento con implantación na Facultade que exerzan as súas funcións docentes e/ou investigadoras no centro e estean censados no mesmo.

- Representantes do alumnado nunha proporción do 30% dos membros da comisión. Serán elixidos entre o alumnado que forma parte da Xunta de Facultade, dos que un 20% serán de grao e o 10% de Mestrado e Doutoramento.

3. As súas funcións serán as indicadas no Regulamento da Biblioteca Universitaria.

### **Artigo 37.- Da Comisión Mixta de Practicas Tuteladas**

1. A Comisión Mixta estará formada por:
  - O/a Decano/a que a presidirá.
  - Os/as Vicedecanos/as.
  - O/a Secretario/a do centro.
  - 1 Profesor/a Asociado/a de Prácticas Tuteladas.
  - Os/as Presidentes/as dos catro Colexios Oficiais de Farmacéuticos (COF) da Comunidade Autónoma Galega.
  - Un/unha representante da Consellería de Sanidade / Servizo Galego de Saúde .
2. As funcións da Comisión Mixta son deseñar, analizar e avaliar todo o proceso de xestión de prácticas tuteladas.

### **Sección 4 . Outras comisións**

### **Artigo 38.- Do Comité Consultivo**

1. O Comité Consultivo ten como finalidade aconsellar o equipo de goberno e servir de foro interno para contrastar opinión e información sobre as actividades profesionais, de negocio ou de interese social que afecten ou estean relacionadas coa actividade do Centro e faciliten o desenvolvemento futuro do mesmo e a súa proxección social.
2. A composición do Comité Consultivo e a designación dos seus membros realizarase a proposta do/a Decano/a e se someterá á aprobación da Xunta do Centro.

Son membros natos do Comité Consultivo:

- O/a Decano/a.
- O/a presidente/a do Consello Económico e Social da USC ou persoa en quen delegue.
- O/a responsable de Calidade do Centro.
- O/a Secretario/a do Centro.
- Os/as coordinadores/as dos Títulos impartidos no centro.

Son membros electos:

- 4 Directivos de empresas farmacéuticas.
- 1 membro directivo da Consellería de Sanidade e/ou SERGAS.
- O/a Presidente/a da Academia de Farmacia de Galicia ou persoa na que delegue.
- 1 Xefe de Servicio de Farmacia Hospitalaria e/ou 1 xefe doutros servizos hospitalarios.

– Unha persoa que achegue unha visión enriquecedora da avaliación e tendencias do eido social, protección do medio, ou cooperación.

– Os catro presidentes dos COF de Galicia ou persoas en quen deleguen.

– Un alumno que rematara a carreira nos últimos 5 anos.

– O/a responsable da Unidade.

3. A participación dos membros no Comité Consultivo ten carácter voluntario e non remunerado.

4. Coa creación do Comité Consultivo preténdese o establecemento de mecanismos de diálogo a través dos que se poida:

– Debater as tendencias e cambios nas demandas sociais que resulten de interese para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora do centro.

– Canalizar a información resultante das actividades do centro á sociedade.

– Prestar apoio na elaboración e implantación do Plano estratéxico do centro.

– Prestar consello, opinión e visión externa para que o centro poida proxectarse máis intensamente na súa contorna.

5. O Comité Consultivo reunirse polo menos unha vez ao ano.

6. A vinculación dos membros do Comité Consultivo establécese por un período de 4 anos, con posibilidade de renovación. A non asistencia a catro xuntanzas consecutivas supoñerá a baixa inmediata no Comité Consultivo do centro.

## ***CAPÍTULO V. DO/A DECANO/A E O EQUIPO DECANAL***

### **Artigo 39**

O equipo decanal estará constituído polo/a decano/a, vicedecano/a ou vicedecanos/as e o/a secretario/a.

### **Artigo 40**

1. O/a decano/a representa á Facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actividade dos seus órganos Colexiados e executa os seus acordos.

2. Son competencias do/a decano/a, consonte o artigo 100 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, as seguintes:

a) A representación da Facultade.

b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade, da Comisión Permanente, das comisións delegadas e de calquera órgano delas, así como a execución dos seus acordos.

c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.

d) A dirección da política académica de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade.

e) A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da Facultade e, de ser o caso, de vicedecanos/as, dentro do límite que sinale o Consello de Goberno.

f) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolvan o seu labor no centro.

g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.

h) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.

i) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos ou a lexislación universitaria.

2. As competencias do/a decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade de non seren atribuídos a outros órganos.

#### **Artigo 41**

1. Os/As vicedecanos/as serán nomeados polo reitor/a, a proposta do decano/a, entre os membros da comunidade universitaria da Facultade. No caso do profesorado debe estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo, o estudantado deberá estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria e o persoal de administración e servizos deberá ter como único emprego o que desenvolva na Universidade de Santiago de Compostela.

2. A función dos/as vicedecanos/as é a coordinación ou dirección, baixo a autoridade do/a decano/a, das áreas de competencia que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios/as vicedecanos/as, o/a decano/a designará a orde de substitución en caso de ausencia ou enfermidade.

3. Os/As vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do/a reitor/a ben a petición propia ou a proposta do/a decano/a.

#### **Artigo 42**

1. O/A secretario/a da Facultade será nomeado polo/a reitor/a, segundo a proposta do/a decano/a, de entre os profesores/as ou funcionarios/as dos grupos A1 e A2 censados no centro.



2. O/A secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración da Facultade e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o decano/a ou que lle encomende a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e este regulamento.

3. O/A secretario/a cesará no seu cargo por decisión do reitor/a ben a petición propia ou a proposta do/a decano/a.

## **TÍTULO II. DA ELECCIÓN E REVOGACIÓN DO/A DECANO/A**

### ***CAPÍTULO I: DA ELECCIÓN DO/A DECANO/A***

#### **Artigo 43.- Convocatoria de eleccións a Decano/a**

As eleccións a decano/a serán convocadas por este/a coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato e, en calquera caso, como mínimo un mes antes da finalización deste. Se o Decano cesase no cargo por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao devandito cesamento.

#### **Artigo 44.- Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de Decano/a**

1. A elección do/a Decano/a levarase a cabo nunha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade que terá coma único punto da orde do día o relativo á elección. A sesión non pode ser convocada para antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas nin para despois de corenta e cinco días naturais dende a data de saída da convocatoria.

2. A presidencia da sesión corresponderá ao Decano en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura, será substituído polo/a Vicedecano/a que designe.

3. No caso de que o/a secretario/a da Facultade presente a súa candidatura, actuará como secretario/a accidental o membro da Xunta de Facultade de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.

4. Cada un dos candidatos ou candidatas que se presenten á elección disporá dun tempo máximo de trinta minutos para expoñer, se así o desexa, o seu programa. Deseguido,

responderán durante un prazo máximo conxunto dunha hora ás preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen.

#### **Artigo 45. -Votación**

1. Concluído o debate, procederáse á votación, nominal e secreta, por todos os membros da Xunta de Facultade presentes. Cada elector poderá dar o seu voto a favor dun único candidato/a.

### ***CAPÍTULO II. DA REVOGACIÓN DO DECANO/A***

#### **Artigo 46.- Moción de censura**

1. O/A decano/a pode ser revogado mediante moción de censura de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada coas sinaturas de, polo menos, un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa proposta como novo/a Decano/a, quen tamén terá que asinar para acreditar a súa conformidade.

3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a Decano/a convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade con ese único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles desde que aquela teña entrada no rexistro da Facultade.

4. A presidencia da sesión corresponderá ao membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade pertencente á Xunta de Facultade de maior categoría e antigüidade.

5. Tanto o/a candidato/a proposto/a coma o/a Decano/a disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Deseguido, abrirase unha quenda de intervencións por parte dos membros da Xunta de Facultade cun prazo de duración máximo dunha hora.

6. Rematada a quenda de preguntas e intervencións, procederáse á votación nominal e secreta da moción de censura. A moción considerárase aprobada se recibe o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade e, en tal caso, a persoa que presida a sesión proclamará Decano/a electo/a á persoa proposta na moción.

7. Se a moción de censura non fose aprobada, ningún dos seus asinantes poderá asinar outra durante o mesmo período de mandato.

### **TÍTULO III: DA REFORMA DO REGULAMENTO**

#### **Artigo 47**

1. A iniciativa para a reforma do regulamento pode ser tomada polo/a Decano/a a partir dunha proposta asinada por un mínimo do 25% dos membros da Xunta de Facultade.

2. As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente argumentadas. Co fin de articulalas crearase unha comisión “ad hoc” coa composición que estime oportuna a Xunta de Facultade ou no seu defecto a Comisión Permanente.

3. A proposta de reforma elaborada pola Comisión será posta en coñecemento dos membros da Xunta de Facultade cunha antelación mínima de 15 días naturais antes de ser sometida a votación. Durante ese período poderanse presentar no decanato as alegacións que se estime oportunas.

4. A proposta de reforma será sometida a votación para a súa aprobación no pleno da Xunta de Facultade, que decidirá por maioría simple.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor coa súa publicación na Sede electrónica da USC, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento do artigo 81.b dos seus Estatutos.